

**PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN, POR PERSOAL LABORAL FIXO,
DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A INFORMÁTICO/A CORRESPONDENTE Á OFERTA
DE EMPREGO PÚBLICO 2022. PUBLICACIÓN DA BAREMACION DEFINITIVA DE
MÉRITOS DA FASE DE CONCURSO E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

Reunido o tribunal do proceso selectivo para a provisión, por persoal laboral fixo, dunha praza de técnico/a informático/a, en sesión celebrada o 16 de maio de 2023, e realizada a baremación de méritos da fase de concurso, o resultado foi o que se detalla a continuación:

APELIDOS E NOME	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN ESPECÍFICA
LÓPEZ MARTÍN, ALEJANDRO	0	2,50

De conformidade co establecido na base oitava das que rexen o proceso selectivo, o 19 de maio de 2023 procedeuse a publicar a puntuación da baremación de méritos no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, aperturándose un prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación, para que as persoas aspirantes que o consideraran oportuno puideran presentar reclamacións contra a baremación, ante o propio Tribunal, rematando o prazo o 2 de xuño de 2023, non formulándose ningunha reclamación ao efecto.

Segundo o exposto, e á vista do acordado polo Tribunal o 5 de xuño de 2023, a **baremación definitiva** da fase de concurso, que coincide coa inicial, é a que se recolle a continuación:

APELIDOS E NOME	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN ESPECÍFICA
LÓPEZ MARTÍN, ALEJANDRO	0	2,50

De acordo co establecido na base novena das que rexen a convocatoria, e segundo o acordado polo Tribunal o 5 de xuño de 2023, por medio do presente faise público:

1.- Que a persoa que superou o proceso selectivo é D. Alejandro López Martín, cuxas puntuacións se detallan a continuación:

DATOS			PUNTUACIÓN		
APELIDOS	NOME	DNI / NIE	Fase oposición	Fase concurso	Total
LÓPEZ MARTÍN	ALEJANDRO	***7440**	30,75	2,50	33,25

2.- Que o Tribunal propuxo a contratación de D. Alejandro López Martín, como técnico informático do Concello de Teo.

3.- Publicar o presente no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal.

Teo, 5 de xuño de 2023

O secretario do Tribunal

Diego Rodríguez Porto